

CONCELLO PLENO **ACTA DE SESIÓN**

ÓRGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2007/03
CARÁCTER: EXTRAORDINARIA .
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 21 de marzo de 2007

No salón de sesións da casa do Concello de Ribadeo sendo as nove horas e dez minutos do día 21 de marzo de 2007 reuniuse o pleno do Concello baixo a presidencia do Sr. alcalde D. Balbino E. Pérez Vacas co fin de celebrar sesión EXTRAORDINARIA e coa asistencia dos concelleiros que á marxe se nomean:

Presidente:

D. Balbino E. Pérez Vacas (alcalde)

Concelleiros presentes na sesión:

D. Ramón López Pérez
D. Carlos Pérez Méndez
D. Fernando Suárez Barcia.
D. Vicente Castro Reigosa
Dona Mari Luz Álvarez Lastra.
D. Santiago Fdez. Reinante Salvatierra
D. José Carlos Rodríguez Andina.
D. Manuel Fernández Fra
D. Elías García López
D. Manuel Valín Valdés.
Don José Duarte Díaz
D. Pedro Tomás Fojo López

Secretario:

D. Manuel J. Díaz Sánchez

Interventor acctal.:

D. José Vázquez Cupeiro

2007/01/18.- ÚNICO.- ACTUACIÓN DE MELLORA EN INFRAESTRUTURAS VIARIAS DA ZONA RURAL DO MUNICIPIO.-

Iníciase deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr.Rodríguez Andina, do grupo municipal popular que pide perdón polo retraso , que é debido exclusivamente a poder entregar un exemplar da proposta que fan de actuacións das infraestruturas viarias na zona rural do concello, e que como poden ver todos veñen indicadas as pistas, os tramos de pistas correspondentes e vén indicado tamén que actuación pretenden sobre cada un dos tramos. O Sr.Rodríguez Andina prosegue afirmando que abarcan todo o concello e que exclusivamente hai unha parroquia que non ten unha actuación de mellora en infraestruturas viarias porque, consultados os veciños da mesma, dinlles que mellor que iso é outra cousa, que é o caso de Arante, que é o último apartado; que no resto dos apartados son infraestruturas viarias que van dende melloras simplemente con zahorras, ata rebacheos e no seu caso alcatranado doutras pistas; que supón unha mellora arredor de 14 km de pistas, que poderían ter feito douscentos quilómetros, ou as cinco , é dicir que a proposta que fan cren que é numericamente e economicamente viable dentro do presuposto anual do concello e por iso a propoñen e supón arredor de 40 millóns de pesetas en actuacións en pistas, e que cre que falar da necesidade de actuar en pistas na zona rural é obvio, e polo tanto non cre que necesite moita máis defensa esta proposta.

Intervén o Sr. alcalde que resposta ao Sr. Rodríguez Andina que lle vai permitir que cando pouco , fale de improvisación e que non lles parece de recibo que se convoque un pleno extraordinario con antelación de abondo como se fixo , en base ás sinaturas, e que doce minutos despois da suposta entrada no pleno convocado para as 9 da mañá se lles entreguen unhas fotocopias co que se pretende documentar a convocatoria do pleno; que lles parece irregular que carezan da documentación necesaria para estudar o pleno xa que que houbo tempo suficiente para coñecer a proposta que presentaba o Partido Popular, e non lles parece tampouco de recibo que se pretendan acometer melloras en 14 kms.de pistas, xa que entenden que este goberno municipal ó longo do seu mandato, un dos esforzos máis grandes que fixo , en canto a investimentos , foi precisamente na zona rural e precisamente no arranxo e amaño de pistas e que cren que o único que evidencia esta iniciativa e a presentación deste pleno e díu unha e mil veces é que o Partido Popular carece de proxectos de futuro para esta vila , e que vai a cabalo neste caso unicamente da proximidade dunhas eleccións.

O Sr.Suárez Barcia, do grupo municipal do BNG, pola súa parte, manifesta que van discrepar tamén, tanto nas formas como no fondo.

O Sr. concelleiro que está a intervir, dirixíndose explicitamente ó Sr.Rodríguez Andina e ó grupo popular , di que non son formas, traerlles aquí de entrada unha carpeta con 40 folios ou 30 ou os que sexan, cunha serie de planos, moi ben estudados e pola súa conta,pero que en todo caso non sabe por que non o presentaron cando forzaron a convocatoria do pleno extraordinario .

Prosegue sinalando o Sr.Suárez Barcia que como todos os plenos dunha envergadura así deben de ter esa documentación, porque son puntos que se non se saben, débense estudar previamente , senón dificilmente se vai apoder manifestar unha posición firme ou fundamentada.

En canto ó fondo , realmente non lles deron tempo a mirar nada practicamente, pero o que si lle pode dicir (ao Sr.Rodríguez Andina) é que a eses 14 km mañá poden sumar outros 14 ou multiplicalos por 5, é dicir, a rede viaria do concello é quilométrica. Este é un barco que se pode empezar a amañar por un lado e cando se acaba, polo outro xa hai que volver a empezar; que eso non obvia e non quita o esforzo económico que levan facendo neste mandato , tanto con fondos propios, e aí están os presupostos que se poden comparar da

dotación e da asignación de recursos propios ó asfaltado de rúas e de camiños rurais , pero tamén o esforzo económico por parte da Comunidade Autónoma .

Remata a súa primeira intervención manifestando que non desexa máis que reiterarse en que as formas non son formas e así non se fan as cousas, e que agás para estar hoxe de noticia nos diferentes medios de comunicación, pero que con isto dificilmente se pode chegar a algo máis.

Intervén a continuación o Sr.Fernández-Reinante Salvatierra que - dirixíndose ó equipo de goberno - manifesta que simplemente quere dicir que lle chama a atención que se lamenten de que non se entregou a documentación a tempo, porque o concelleiro que está a intervir o outro día asistiu a un pleno e que curiosamente por arte de encantamento non asistiu ás comisións e non tivo ningunha documentación, e nese caso ou está na mesma situación, e, ou se reconece iso, ou a lei do embudo; prosegue manifestando o Sr.Fernández-Reinante Salvatierra que lle parece normal que á parte da documentación é ben sinxela polo menos neste punto e que polo equilibrio de forzas agora están en minoría , e parécelle lóxico que o Partido Popular traia este tipo de iniciativas porque o goberno municipal faría o mesmo.

O Sr.alcalde replícalle que perdoe que lle rectifique , que o grupo municipal socialista dispoñía de toda a información para o anterior pleno

Xa que o Sr.Fernández-Reinante pretende intervir o Sr. alcalde maniféstalle que está no uso da palabra e prosegue manifestando que o Sr.Fernández-Reinante formaba parte do grupo socialista e a partir dese pleno , polas súas manifestacións deixou de formar parte e que o grupo municipal socialista tiña toda a documentación para o pleno.

Volta a intervir o Sr.Rodríguez Andina do grupo municipal popular que afirma que o primeiro que lle chama a atención , é que a documentación é absolutamente exhaustiva e coa mesma do único que se trata é de determinar e dicir cales son as actuacións puntuais en cada parroquia , e que o único que tratan de demostrar coa documentación, é nos puntos onde se actúa e considera que polo tanto que se fale de improvisación, por enriba, era o que lles faltaba , e que nunca lles deron documentación así; que podían facer un relatorio como lles fixeron a eles en moitos casos de pistas que van de aquí a alá e pista que vai de alá a aquí, e que alá a buscaran, e resulta que o grupo popular se tomou a molestia de que coñezan estritamente e exactamente cal é o tramo que queren , qué é o que pretenden facer nese tramo e canto mide e resulta que din que todo é improvisado , e que lles dá igual ; manifesta tamén o Sr.Rodríguez Andina que lle chama a atención moito e aínda non dixeron nin si nin non, non lles gusta pero aínda non lle dixeron se van votar a favor ou en contra, o que é curioso; gustar non lles gusta pero supón que no segundo turno algo lles aclararán a ver se van querer dicir si ou se non, e que o equipo de goberno fai moitísimo esforzo ao longo do ano, montóns de esforzos e algunha persoa igual que fai máis esforzos , que fai un pouco de ximnasia todas as semanas, pero é que para tratar de presumir dos esforzos que fixo o Concello con fondos propios e mesmo a Xunta de Galicia , como mínimo teñen que falar de dúas cousas : unha que o Sr.alcalde aquí presente, na súa toma de posesión, dixo que este Concello ía actuar en base á súa propia autonomía , e que non ía depender das migallas de ningunha outra administración , e iso está escrito , e polo tanto as outras administracións será que lle regalan algunha migalla de vez en cando , pero que non presuman diso, que non o querían cando tomaron posesión e que este é o primeiro punto.

Que o segundo punto é, di o Sr.Rodríguez Andina dirixíndose ao Sr.Suárez Barcia-, que cando aínda estaban na oposición (o grupo popular) e xusto antes de entrar no goberno lograron da Xunta de Galicia, xa que o grupo popular estaba convencido de que sen a Xunta de Galicia non podían ir adiante, un proxecto de arranxo de pistas , aínda que o Sr.Suárez Barcia é moi xove e non estaba aquí , de 108 millóns de pesetas nun só proxecto, e iso non o logrou o goberno municipal en tres anos e medio , nin pensar; manifesta tamén que lle vai dicir máis , porque supón que sairá nalgún momento, que supón que non sería só para saír nos medios de comunicación , o alcalde dixo que aproveitaría que o Partido Popular ía ao rebufo de non sabe que , para facer o goberno municipal o mesmo , e o rebufo de non sei canto da Deputación, e

que lle pode dicir que a Deputación Provincial esta redactando agora mesmo un proxecto por importe de 60 millóns de pesetas , para estradas da Deputación no municipio de Ribadeo , e que afecta a catro estradas da Deputación, e que o Grupo Popular sí lles interesa que participen outras Administracións , e polo tanto que mañá poden engadir máis , posto que non o fixo o goberno municipal nin tanto, nin tanto.

Sinala tamén o Sr.Rodríguez Andina, en resposta ao dito polo Sr.Suárez Barcia, que lles din que poden engadir 14 e outros 14, e senón 14 por 5 , pero algo terá feito o goberno municipal , e o Sr.Rodríguez Andina pregunta se o seu Grupo (en relación ao Grupo Popular) carece de proxecto de futuro e iso xa llo dixo o outro día nos medios de comunicación, e que o Grupo do Sr.Suárez Barcia se presentou ás eleccións sen programa , e por outras razóns que coñecen perfectamente, lles saíu ben, pero se presentaron sen programa , e o Grupo Popular se presentou cun programa que case con seguridade no 95 % van volver repetilo, porque o goberno municipal fixo tan pouco, tan pouco, que vai resultar que serve exactamente o mesmo, e aparte que o Sr.Suárez lle diga que piden un Pleno buscando a noticia , cando ten a desfachatez, e a cara dura de poñer a súa fotografía ata no folleto do tapeo, que hai que ter cara , como se o Sr.Suárez Barcia se inventara ou fixese as tapas de todos os bares.

O Sr.Rodríguez Andina pregunta - ao Sr.Suárez Barcia- se di que o Grupo Popular busca a propaganda cun Pleno , e pide que teñan un pouco de vergonza , e un pouco de seriedade, porque lle recorda ao Sr.Suárez Barcia que sae a súa fotografía, e supón que non sería sen o seu coñecemento, no folleto do tapeo , e lles ten feito un discurso importante da cultura gastronómica e que o lee porque se preocupou de lelo todo, incluso a publicidade que se fan eles mesmos, ahí , ou na Concellería da Muller , en que mesturan o folleto do BNG co da Concellería da Muller e se meten nos buzóns ao mesmo tempo, e que ben, de casualidade foi ao mesmo tempo, e que despois que non lles diga aos membros do Grupo Popular que buscaron a noticia, e que teña un pouco de seriedade e xa lles dirán se a pesar de que non lles gusta se van a votar a favor ou en contra, que ao final é o que importa.

Intervén o Sr.Castro Reigosa do Grupo do BNG,que manifesta que se referiu o Sr.Rodríguez Andina a unha proposta que fixera o Partido Popular hai anos de asfaltado de cento e pico de millóns de pesetas, e no que se ve que fixeron unha serie de melloras e arranxos nas pistas rurais , pero por pouco que pode ver na documentación que ten non hai ningunha memoria nin de cada pista , nin hai memoria algunha aínda que estea documentado fotograficamente, pero que polo pouco que puido ver e nese caso que ve, parécese moito aos daquela época , porque concretamente por sitios que coñece (o Concelleiro que está a intervir) como é o caso de Cedofeita, chama a atención a pista que se mete , que é para entrar tractores e vacas , e poucas vacas porque cada vez hai menos.

Prosegue sinalando o Sr.Castro Reigosa que en cambio hai outras necesidades na parroquia maiores que esa, e gustaríalle saber con que criterio e quen elaborou esto, e que o mesmo ocorre en Salcedo, por cousas que viu, e o mesmo ocorre noutro caso que viu en Piñeiro ,e esas a simple vista que as pode localizar, que outras non as localiza a primeira vista e que evidentemente non é o sistema para poder aprobar e decidir as necesidades dunha pista rural, que hai que coñecelas , hai que saber o estado da pista, e poder opinar, e que con isto como non collan agora mesmo, e vaian a ver como está e volten ao Pleno dificilmente poderán opinar, e que tamén lle chama a atención outra cousa que é que de momento, na súa documentación o Partido Popular e o Sr.Rodríguez Andina non fan ningunha referencia á legalidade , como fixeron no Pleno da semana pasada.

Intervén de novo o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que di que vai apuntar aquí esto da legalidade que lle chama a atención, e sobre que se parece moito ao proxecto de fai anos dille ao Sr.Castro Reigosa que se poña de acordo co seu Xefe de filas porque este acaba de dicir non fai nin tres minutos , que cando se remata por un lado xa hai que empezar por outro, e fixese que casualidade , e ben se cando se remata de arranxar por un lado xa hai que empezar por outro , están falando dunhas pistas arranxadas practicamente fai quince

anos, e pregunta (ao Sr.Castro Reigosa) se o comprende ,porque é probable que cando se rematou por un lado , que non o rematou este equipo de goberno (por non rematar, non remataron nin as entradas), haxa que empezar por outro, e que isto en primeiro lugar; que en segundo lugar sobre o que lles din de a donde van llo acaba de explicar , lles acaba de dicir, que , en lugar de dicir vai de casa de Xan a Casa de Perican, lle poñen un plano ahí marcándolle donde empeza e donde remata o tramo, e calquera técnico ve iso , o mide e o calcula e é así de fácil; e é moitísimo máis complicado para un técnico se lle din Casa de Xan a Casa de non sei quen, que ten que ir alí a preguntar donde está a casa deste e a daquel, e que o fan así para que se vexa donde empezan e donde rematan.

Prosegue sinalando que ese non é o método que seguen (os do Grupo do Sr.Castro Reigosa) porque esas cousas da Casa de non sei quen , lles gusta moito, e que iso do da legalidade no o acaba de entender , e se pregunta donde está a legalidade ou ilegalidade disto, porque é falar, xa que non lle ve ningunha ilegalidade aquí , pero agradecería que alguén lle explicase a ilegalidade deste Pleno , ou da proposta, porque como non a acaba de encontrar , a ver se alguén a encontra.

Intervén o Sr.Fernández-Reinante Salvatierra que manifesta que simplemente quere sinalar que se refería o Sr.Alcalde a que él (en referencia a sí mesmo) saíu dunhas Comisións Informativas por unhas manifestacións , e se pregunta se no próximo Pleno vai estar nas Comisións Informativas.

O Sr.Alcalde contéstalle que o está estudiando, ao que resposta o Sr.Fernández-Reinante que ben, e que igual empeoran as manifestacións, e pregunta se entón está ou non.

O Sr.Alcalde contéstalle que é un problema seu, e o Sr.Fernández Reinante di que ben, que xa o verán.

Volta intervir o Sr.Suárez Barcia do Grupo Municipal do BNG que sinala que toda esta documentación exhaustiva que di o Sr.Rodríguez Andina que presenta aquí será moi exhaustiva, pero ao seu Grupo, e cree que non falta á verdade, se lle di e a presentan ás nove e cuarto da mañá, e dificilmente por moi exhaustiva que sexa se pode estudar con detemento, dificilmente polo menos para os que non tiveron acceso nin participado na elaboración, e pregunta se haberá ou non polo tanto algo de irregularidade; que o Grupo municipal Popular presenta un lote de documentación ás nove e cuarto da mañá e teñen que dicir se lles gusta ou non , isto é un “tragala”, e non sabe se se refire ao Grupo do BNG ou do PSOE cando estaban na oposición, e lle pide ao Sr.Rodríguez Andina que lle escoite se fai o favor.

O Sr.Rodríguez Andina dille que un momento, que perdoe que estaba escoitando ao Sr.Suárez Barcia e tamén está escoitando aos seus compañeiros.

O Sr.Alcalde pide por favor ao Sr.Suárez Barcia que non se interrompan e o Sr.Rodríguez Andina di que so faltaba que lle chamara a atención.

Prosegue intervindo o Sr.Suárez Barcia que di que cando o Sr.Rodríguez Andina fala de cando era oposición non sabe se a quen se refería era ao Grupo do PSOE ou ao Grupo do BNG , cando solicitaban o amaño dun camiño , dun tramo a outro tramo, normalmente se facía no turno de rogos e preguntas, máis ben no de rogos, e o goberno municipal tiña dous meses por diante para executar ese rogo , se quería , que na meirande parte das veces nin quería ou non o facía, e polo tanto dista absolutamente do que o Sr.Rodríguez Andina está presentando aquí , que é xuridicamente, non é un insulto , pero ten unha palabra, chámase “filibusterismo político”, que é o que o Grupo Popular está facendo.

O Sr.Suárez Barcia reitera que están facendo filibusterismo os membros do Grupo Popular e están instalados na demagogia , e no oportunismo electoral para facer isto, e que aínda lle

vai dicir outra cousa, tanto que fala das outras Administracións, que o Sr.Rodríguez Andina é Vicepresidente Primeiro dunha delas, da Deputación Provincial de Lugo e por ser Vicepresidente, dende logo tiveron un mandato cheo de cousas, para aquí e para Ribadeo, co cal está enormemente satisfeito, que anuncie que se vai facer un proxecto de amaño de non sabe cantos miles de euros, non sabe cantos, de sesenta mil euros.

Deliberase sobre a cantidade de investimento da Deputación entre os Sres.Concelleiros, sinalándose polo Sr.Rodríguez Andina que ao Sr.Suárez Barcia dalle igual a cantidade que sexa.

Prosegue intervindo o Sr.Suárez Barcia que di que é de trescentos e pico mil euros, e que lle da igual porque tanto lle da, porque chegan moi tarde e porque é un proxecto que poderá vender polos mítines, dicindo que se vai facer pero non se deu feito en catro anos, e o está anunciando no 2007, e polo tanto sí que poden avaliar o que a Deputación puxo en Ribadeo dende o ano 2003 ao 2007 , e o outro día tomouse as molestias de facelo , e dende logo ben pobre , mellor dito, é ridículo se suman todos os POL que tiveron dende o ano 2004 , 2005, 2006 e 2007 que e o doutro día que está pedido pero non está concedido, e polo tanto non o poden determinar agora, aínda que se o determinase tampouco vai subir moito a cantidade.

O Sr.Suárez Barcia explica que se teñen en conta que a Deputación aporta o 25 por cento nas obras do POL e igual que o Concello , e o 30 por cento nas obras do Plan Provincial igual que o Concello e non pon nada máis , a outra diferenza a poñen os fondos europeos e FEDER ou MAP, e polo tanto teñen que nun, dous, tres, catro, e cinco programas de colaboración , nun total de 327.000 euros, a Deputación puxo 67.000 euros e o Concello 67.000, loxicamente , a partes iguais, e que iso sí, lle vai dicir e se non lle faltaría á verdade , que se aprobou o modificado no saneamento de Ove, que debe sumar , non recorda se e así, máis ou menos 20.000 euros máis , e son uns 87.000 euros nun investimento para un Vicepresidente primeiro da Deputación dun Concello de 10.000 habitantes, case como o de Ribadeo en 4 anos, tremenda; sinala tamén o Sr.Suárez Barcia que non lle estraña que estes trescentos e pico mil euros que van a investir en viais, oxalá o converteran en millóns, porque dende logo para compensar un pouquiño que lles veñan a dar leccións ..., e que tampouco van acabar discrepando , lle parece,neste punto.

Remata sinalando que ó Grupo Municipal do BNG non lle dan leccións en absoluto, aínda que agora sexan seis e o BNG tres

Toda vez que o Sr.Castro Reigosa pide intervir por réplica, o Sr.Alcalde concédelle a palabra e o Sr.Concelleiro manifesta que na intervención de antes do Sr.Rodríguez Andina fíxose unha referencia ás obras de fai 15 anos e a que cando se empeza por un lado e se acaba, hai que empezar por outro , pero que o Concelleiro que está a intervir, fixo referencia a unhas pistas na que andan ata pouco os tractores, e que non se repararon no que é con rego asfáltico; que as poucas que puído analizar e non teñen rego asfáltico nin falla que lles fai, evidentemente, e que cree que fixo referencia a que había maiores necesidades en cada unha desas parroquias e pistas que teñen rego asfáltico , e que están máis deterioradas que esas, que cree que deberan ter preferencia, e por iso fai referencia á falta de rigor na elaboración do listado.

O Sr.Valín Valdés dille que: “ ti amaña e despois....”.

O Sr. Castro Reigosa pide ao Sr. Valín que non lle interrompa que está falando, e que considera que hai unha falta de rigor indubidable e por iso preguntou quen analizou e fixo a relación de pistas, e que en segundo lugar o Sr. Rodríguez Andina facía referencia ao tema da legalidade e que o Grupo Popular preocupouse de que non apareza presuposto algún e non está, non hai memoria valorada, nin se relaciona memoria de ningún tipo, para saber a contía presupostada de investimento, e gustaríalle saber con cargo a que partida orzamentaria se vai facer.

O Sr. Alcalde di que vai ser o último turno e da a palabra ao Sr. Rodríguez Andina que di que vai empezar co Sr. Castro Reigosa, e lle di que unha cousa é que sexa representante dos veciños nesta Corporación, e outra que trate de suplantar aos veciños en canto ao interese que poidan ter unhas pistas ou outras, para eles que viven alí todos os días, e lle pregunta se comprende, que é unha pequena diferenza de nada, de matiz simplemente, que non ten maior transcendencia; manifesta tamén o Sr. Rodríguez Andina que claro que non están feitos os números, e que teñen os números pensados e xa os fixo antes, pero o Grupo Popular non ten técnicos, os técnicos os ten a Corporación, e agora vai facer a proposta concreta de que é o que se ten que facer con isto, e a iso haberá que votar sí ou non, á proposta concreta, e pregunta se vale.

O Sr. Castro Reigosa di que aquí na documentación non viu ningunha proposta concreta.

O Sr. Rodríguez Andina di que a proposta concreta é que se execute, e agora lle vai dicir máis, lle vai dicir como pretenden que se execute, e que se fixe o Sr. Castro Reigosa que xa dirán se está improvisado ou non e se van dicir que sí ou que non, que non se apuren.

Dirixíndose de novo ao Sr. Castro Reigosa lle di que non participarán, claro, que é unha proposta do Grupo Popular, ou sexa é como se o Grupo Popular participara nas propostas que fan outros Grupos, e que é curiosísimo que os Grupos do Goberno sacan unhas propostas nun presuposto, e o Grupo Popular pode dicir misa cantada que non hai nada que facer, non participan, pero iso sí, se a proposta é do Grupo Popular se queixan de que non participan, e que moi ben.

Sinala tamén o Sr. Rodríguez Andina que os rogos se aceptan ou non se aceptan, e se se aceptan se procurarán cumprir e se non se aceptan non se aceptan, e pide que non se confundan os rogos co que están facendo aquí e que o que non consinte é que dirixíndose ao Grupo Popular (e se refire ao Sr. Suárez Barcia) lles volte a falar de demagogia e de oportunismo político, e non llo consinte, porque o Sr. Suárez Barcia é o maior demagogo deste Concello nos derradeiros anos, pero o maior, ou sexa que leva unha cantidade de fotografías por metro cadrado que visitou no Concello que non dan abasto, non lles chega nun álbum e teñen que facer máis dun álbum, so para as fotografías do Sr. Suárez Barcia; entón que non lle veñan contando cuestións de demagogia e de oportunismo electoral, xa que lles está falando diso o Sr. Suárez Barcia que leva un montón de meses anunciándolles hoxe isto, mañá aquilo, casco posto, fotografía, aquí casco sen poñer, de tapas, outra reunión non sabe con quen dicíndolle alí, o que hai que facer, e agora resulta que son (os do Grupo Popular) os do oportunismo político.

Prosegue manifestando o Sr. Rodríguez Andina que hai que botarlle rostro ao asunto, e que él é Vicepresidente da Deputación, non de Ribadeo, é Vicepresidente da Deputación e é o goberno municipal de Ribadeo os que teñen que preocuparse de presentar proxectos e propostas ante a Deputación Provincial, non o Concelleiro que está a intervir, e que entenden as cousas mal, creen que aquí vale todo, e que todo está revolto e todo se arranza de calquera maneira e non é así, e polo tanto pregunta que é o que pediron, e que van a ver e logo lle empeza a botar unhas contas en lugar de sumar, a restar, e total, a Deputación puxo

87.000 euros, pero pregunta quen incorpora no POL as obras, e que non pode ignorar tanto, e reitera a súa discrepancia co Sr. Suárez Barcia.

A pregunta do Sr. Suárez Barcia sobre quen adxudica as obras lle di que a Deputación Provincial (o Sr. Rodríguez Andina) que pide que non se lle interrompa e pregunta quen pon na lista as obras, e que lle contesten cando remate de falar, e llo pide ao Sr. Alcalde e este lle responde que por suposto.

Retoma a súa intervención o Sr. Rodríguez Andina que di ao Alcalde que llo diga ao Sr. Suárez Barcia; que o seguinte punto é o POL do 2007, e que probablemente non haxa POL no 2007, pero iso que llo pregunten ao Partido do seu socio de goberno, e sobre todo, non mesture cantidades de POL e POS e vaia restando, porque claro é que poña a cada unha o que lle corresponde ou é que pon agora menos que o que poñía antes; ou é que é outra Deputación Provincial e o MAP e os fondos europeos e o Concello non teñen os mesmos fondos, ou é que agora dende que está de Vicepresidente (fala o Sr. Rodríguez Andina de si mesmo) e que pon menos do que poñía antes ¿?, e pide a ver si se centran.

Prosegue intervindo e manifestando que concretando propoñen isto que está aquí enriba do seguinte xeito, e que conste en acta:

“Primeiro.- Que polo Concello, por técnico que vostedes decidan, redacte os proxectos no prazo de quince días.

Segundo.- Que se faga unha tramitación por procedemento negociado, como están facendo vostedes con todos os arranxos de rúas e pistas, troceando os proxectos para poder facer procedemento negociado e dixeron vostedes no pleno anterior e eu coincidín con vostedes que así se axilizaba, pois é o procedemento que queremos para este Pleno, con apertura de plicas ao día seguinte de esgotado o prazo, e se é necesario despois informe, pois haberá que facer ese informe. Mire, o temos tan ben estudiado que lle podemos dicir para que saiban vostedes que non hai ilegalidade ningunha, que isto se pode presentar así, e se pode levar así ata o momento da adxudicación, é dicir se pode facer ata a mesa de adxudicación. Logo ahí parar ata que haxa presuposto, sabe?, así que fíxese vostede se o levamos estudiado, e isto é na proposta que ten, aquí enriba da mesa, dixo vostede que era o segundo turno, e supón que se acabou e xa non ten nada máis que dicir.”

Intervén o Sr. Fernández-Reinante Salvatierra que di quere dicir simplemente que vai votar a favor evidentemente, e dicir iso sí, como membro da Deputación é realmente curioso que él que é Deputado Provincial é certo que en ningún momento, este goberno municipal intentou vehiculizar a través del ningunha proposta, eso é certo, e non sabe se se mantiveron outro tipo de xestións por outra vía, co goberno da Deputación, pero é certo que a través do Concelleiro que está a intervir non houbo ningunha intención.

Intervén o Sr. Alcalde para rematar o debate sinalando que por parte do goberno, quixera facer unha serie de matizacións e que a primeira é recordarlle ao Sr. Rodríguez Andina que evidentemente é Vicepresidente da Deputación, porque con anterioridade é Concelleiro en Ribadeo e sí que está en contra do que dixo, porque sí que participa nas decisións deste goberno, e porque para eso están as Comisións informativas anteriores aos Plenos donde ten participación o Partido Popular.

Prosegue manifestando o Sr. Alcalde que non vai falar das razóns que o Sr. Rodríguez Andina menciona, polas que perdeu o Partido Popular as eleccións, pero que o que sí lle estraña destas potentes razóns xenere estraños compañeiros de viaxe que ten actualmente, e que por certo o Grupo Municipal Socialista vaise abster nesta proposta, porque o que non sabe se é ilegal, e o que sí é irregular, porque entenden que a este Pleno xa debería traerse

proxecto , presuposto e consignación da partida orzamentaria que lle corresponda e que polo tanto, o seu Grupo vai absterse desa proposta e que a continuación someterán a votación a proposta do Partido Popular.

O Sr.Fernández-Reinante Salvatierra pide intervir para unha cuestión de orde e o Sr.Alcalde di que xa non hai ningunha cuestión de orde.

De seguido pásase a votación a proposta formulada polo Sr.Rodríguez Andina , oralmente, en representación do Grupo Municipal Popular que obtén 7 votos a favor (seis dos membros do Grupo Municipal Popular e un do Sr.Fernández-Reinante Salvatierra) e seis abstencións (dos membros dos Grupos municipais socialista e do BNG), quedando aprobada a mesma nos seus propios termos.

O Sr.Alcalde propón que se prosiga co Pleno seguinte despois dun pequeno receso de cinco minutos, e sendo as nove horas e corenta minutos e non habendo máis asuntos que debater por parte do Sr.Alcalde se levanta a sesión ,estendéndose a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,